


LECTURAS CONFINADAS  
RECOMENDACIÓNS DA BIBLIOTECA ESCOLAR DO CPI AURELIO MARCELINO

PARA @S PEQUEN@S



A viaxe do vento a través das diferentes estacións está chea de suaves sopros, de tranquilas airexas e de refachos máis fortes. Podes encontrar o vento nas páxinas?


Contar semella fácil. Pero non o é... ou si, se te deixas guiar polo que conta este libro. Aprenderás a contar ata 10 e ata o infinito!



Ra de Tres Ollos medra nun lugar contaminado. Chouta moi alto para entender o que acontece.



Dez gatiñas curiosas, rebuldeiras, intrépidas, van coas súas mochilas percorrendo toda Galicia. Ata onde as levará a súa viaxe?




Un relato de Carvalho Calero para o Día das Letras Gaelgas: un neno ve desde a fiestra da casa que as pitas estanse a mollar e téntaas facer entrar ao galiñeiro

Amodovou é unha tartaruga. Cada tartaruga, como cada persoa, ten o seu propio ritmo. Cando aprendeu a camiñar, Amodovou soubo que quería percorrer o mundo para sentir a súa música.



PARA @S MEDIAN@S

Atenea, Perséfone, Batwoman, a Princesa Leia, Katniss Everdeen, América Chávez... teñen moitas cousas en común




Chámome Eleonora, son unha vampira e dedícome a papar os insectos que queren roer as páxinas dos libros da biblioteca onde vivo.



Terramar é un inmenso arquipélago no medio dun océano sen límites definidos. Na illa de Gont vive Gabián, un neno posuidor dunhas habilidades máxicas que lle levan a irse formar como feiticeiro na escola de Roke, onde se forman todos os magos.

Cando Iria Fraga chega ao centro de menores Monteorellán para facer un informe pericial psicolóxico sobre Cibrán Ulloa despois de que este cometese un delito, descubre que nesta historia nada é o que parece.



Irmá paxaro é o relato, en forma de poemas, da perda da complicidade entre dúas irmás descoñecedoras de que o golpe máis duro é o paso do tempo.




Camiñamos desde a primeira infancia rural dunha nena xudía en Alemaña cara ao final da I Guerra Mundial ao incremento das crises e a un desenlace sorprendente.



Unha das obras mestras de Marguerite Duras que por fin podemos ler en galego. Unha adolescente de orixe francesa vive en Saigón, na Indochina colonial de principios do século XX.

Para cando poidamos pasear, unha guía de campo dos lugares singulares. Contos, tesouros, lendas urbanas, prodixios, mitoloxía, pontes, camiños....



Novela gráfica baseada no orixinal de Berta Dávila, personaxes capaces de amar, de odiar, de agochar segredos que só poden saír cando a vida chega á súa fin.



O segundo disco das Tanxugueiras explora os límites da música tradicional con letras tradicionais renovadas con arranxos actuais.